

Soberanía e santuarios na Galicia castrexa



Soberanía e santuarios na Galicia castrexa

Marco V. García Quintela

En colaboración con:

*Rosa Brañas Abad, Felipe Criado Boado,
César Parcero Oubiña, Manuel Santos Estévez*

Reservados todos os dereitos.

Ningunha parte deste libro pode ser reimpressa, reproducida ou utilizada en ningunha forma ou por outros medios, electrónicos, mecánicos ou outros cales foran, agora coñecidos ou inventados no futuro, incluíndo copiado ou fotocopiado, ou por un dos sistemas modernos de almacenamento e recuperación, sen o permiso por escrito da Casa Editorial.

© Toxosoutos, S.L.
© Marco V. García Quintela

Deseño: Pepe Carreiro
Cuberta: Relevo da Capela de Formigueiro (Amoeiro).
Datado na Idade do Ferro.

Edita: Toxosoutos, S.L.
Cruceiro do Rego, 2 • Obre
Tíno. 981 823855 • Fax 981 821690
15217 Noia • A Coruña
Correo electrónico: editorial@toxosoutos.com
Local na rede: www.toxosoutos.com

Imprime: Gráficas Sementeira, S.A.
Correo electrónico: sementeira@telefonica.net

Depósito legal: C-461-2006
I.S.B.N.: 84-96259-90-0

Impreso en Galiza

Editorial Toxosoutos
SERIE Keltia
2006

Índice

Introdución:

O método comparativo e a súa aplicación ao estudo da Galicia castrexa	7
1. Os Indoeuropeos e o método comparativo nos estudos paleo-hispánicos	7
2. Os fundamentos da comparanza: isoetos e estruturas socio-políticas	11
3. Modos e desencantos da comparación.	17
3.1. ¿Que é a Ideoloxía trifuncional e como atopala?.....	18
3.2. Desencantos da comparación.....	19
3.2.1. Cultura celta e estrutura social castrexa	20
3.2.2. Da Lingüística á Teoloxía	27

Viriato e o programa de acceso á realeza no mundo céltico.....

1. De Galicia a Irlanda: o programa da realeza céltica	40
1.1. Ortiagón o gálata	40
1.2. Dumnorix o eduo	42
1.3. Viriato o lusitano	44
1.4. Sertorio, un romano entre lusitanos e celtíberos	47
1.5. Pwyll de Díved	50
1.6. Irlanda, do Mito ao Dereito	52
1.6.1. Medb e Aillil	52
1.6.2. Cormac e Eithne.....	53
1.6.3. Echu, fillo de Muiredach	57
1.6.4. O rei e a lei	59
1.7. A esposa do rei.....	60
2. O nome de Xurenzás e outras vodas heroicas	63

Petroglifos podomorfos de Galicia e investiduras reais célticas:

estudo comparativo.....	73
1. Unha noticia arqueolóxica en Martiño de Dumio	73

2. Os petroglifos podomorfos no rexistro arqueolóxico	76
2.1. Criterios para a selección dos petroglifos e a súa cronoloxía.....	77
2.2. Catálogo	79
2.2.1. Monteferro	80
2.2.2. Pedra Moura	82
2.2.3. Coto San Martiño	83
2.2.4. Chan de Matabois	85
2.2.5. A Ferradura	85
2.3. Síntese dos datos arqueolóxicos	90
2.3.1. Distribución rexional	90
2.3.2. Emprazamento	90
2.3.3. Contexto arqueolóxico.....	91
2.3.4. O soporte e a súa situación	91
2.3.5. Os podomorfos	92
3. Elementos comparativos	94
3.1. Ritos escoceses e irlandeses.....	96
3.2. Ritos biscaíño e carintio	99
3.3. Elementos de folclore francés de Época Moderna	101
3.4. Síntese dos elementos comparativos	103
4. Estudo comparativo dos podomorfos rupestres.....	106
4.1. O dominio do espazo	106
4.2. O xuramento.....	107
4.3. Monosandalismo	109
4.4. Asociación con ferraduras e outras pegadas de cuadrúpedes.....	109
5. Etnografía, mitoloxía e arte da hexis podal	110
5.1. Os pés e a investidura do alcalde de Cabanas.....	111
5.2. Pés e sexo na "Peña de Santa María" e no mito de Lug.....	114
5.2.1. Representacións icónicas de Lug no Noroeste peninsular	127
5.3. Erótica do calzado e simboloxía da investidura	132
6. Novos achados de podomorfos.....	136
A fundación de Lucus Augusti: Herdanza céltica e intervención romana..	141
1. A fundación de Lucus Augusti.....	142
2. Dous Lugdunum galos	146
2.1. St. Bertrand-de-Comminges	146
2.2. Lyon	151
2.3. Os Lugdunum e Lucus	155
3. As Lucaria e Lugnasad, os camiños da <i>interpretatio</i>	157
4. Lendas irlandesas e tradicións xacobeas	166
4.1. Santiago en Lugo	166
4.2. Santiago de Compostela e Lugnasad.....	170
4.3. A etnografía grega do Noroeste ibérico e os oenaga irlandeses	175
5. A fundación de Lucus Augusti nun contexto relixioso celta	178
6. Os petroglifos de Pedra Fita (Lugo).....	181
6.1. Contexto arqueolóxico.....	182
6.2. Descrición da estación	184
6.3. Análise da distribución dos elementos arqueolóxicos	188
6.4. Pedra Fita, posible santuario de Lug.....	190
O descubrimento arqueolóxico de santuarios e espazos sagrados	199
1. Os pés no chan.....	199
2. Petroglifos, inscricións, ermidas: a zona de Fentáns	202
2.1. Os vestixios arqueolóxicos.....	203
2.2. A construción dun espazo sagrado.....	205
3. Outras zonas	208
3.1. A Ferradura.....	209
3.2. Monte Tetón.....	211
3.3. Marco de Santiaguíño de Antas.....	211
4. Espazos rituais: a sacralización do territorio.....	213
5. O resultado: un modelo teórico de espazos sagrados.....	214
Conclusión: Realeza e relixión, santuarios e sociedade	219
Agradecementos	239
Bibliografía	243

dral, onde está o sepulcro do Apóstolo e en nome do Rei. Os nacionalistas de esquerdas, defensores da independencia de Galicia, celebran manifestacións e un xantar de fraternidade na Carballeira de San Lourenzo para conmemorar o Día da Patria Galega –as súas manifestacións eran duramente reprimidas pola policía durante a ditadura de Franco. Desfila o exército. Non hai vodas, pero Fraga, no seu discurso perante o Apóstolo, láíase da baixa natalidade de españois, e galegos en particular– nos últimos tempos destacan ademais as súas intervencións contra as parellas de feito como causantes de diversos males. Na Alameda, toda clase de carruseis, montañas rusas, postos de tiro ao branco e xogos de destreza e forza son asiduamente visitados, así como os postos ambulantes de bebidas e comidas. Todo está cheo de turistas e vendedores de recordos que inzan os arredores do templo e o propio templo. Bares e restaurantes traballan arreo. Un lixeiro orballo desluce o día, pero non hai incidentes salientables.

O DESCUBRIMENTO ARQUEOLÓXICO DE SANTUARIOS E ESPAZOS SAGRADOS

Manuel Santos Estévez, Felipe Criado Boado e César Parcero Oubiña

1. Os pés no chan



Arqueoloxía é a única disciplina que pode estudar o espazo profundo da historia. Cando faltan as evidencias lingüísticas e os documentos escritos (algo que acontece na mesta noite da Prehistoria, dende os albores da Humanidade hai uns poucos millóns de anos até hai a penas dous milenios na Europa Atlántica), ou estes son moi escasos (como na Protohistoria, a Antigüidade e aínda a primeira Idade Media de amplas zonas europeas – e entre elas notablemente a época e rexión das que trata este volume), as evidencias materiais, os restos tennes deixados polas colectividades humanas, son a nosa única guía para o estudo. A Arqueoloxía e os arqueólogos convértense así nos únicos intérpretes dese pasado.

Pola súa orixe e natureza, o coñecemento arqueolóxico é fragmentario, breve e hipotético. Hai moitas cousas mal coñecidas e outras que dificilmente se poderá chegar a coñecer.

Entre estes temas atópanse tradicionalmente os que se refiren á ideoloxía, a relixión e as crenzas, o que son o tema deste volume. E particularmente atópanse as xeografía míticas, as paisaxes e lugares sagrados, os sitios nos que definitivamente as comunidades antigas se reunían para levar a cabo actividades relixiosas e rituais que, sen embargo, a penas deixan trazas. Un espazo sagrado no que non se cons-

trúe un templo, mero espazo natural no que o único decorado son os accidentes do relevo, ao non deixar unha pegada consistente no rexistro arqueolóxico, malamente pode ser identificado dende a Arqueoloxía. ¿Estanos vedado, logo, o seu recoñecemento e estudo?

Pode ser. Sen embargo a falta de datos nunca pode ser motivo suficiente para evitar facernos preguntas. Só fai máis ou menos difícil ou imposible contestalas. E con frecuencia, cando se presentan as dúbidas, ábrese a posibilidade de resolvelas, aínda que a falta de datos nos preveña dos perigos de aceptar respostas sinxelas. O que precisamos é unha metodoloxía que poida satisfacer condicións mínimas de cientificidade e rigor, que permita validar os resultados e imponha unha aplicación sistemática.

Un exemplo. Se por unha banda temos unha rocha gravada coa pegada dun pé humano, e por outra descubrimos unha referencia en ritos indoeuropeos que conecta o pé coa representación do poder, pode resultar tentador 'ler' o primeiro indicio á luz do segundo. De feito isto é o que fan numerosos arqueólogos na actualidade, que conciben o seu labor como o de 'facedores de narrativas': unha especie de poetas que pegan unha narración a un problema para subministrar unha lectura plausible, pero xeralmente non plausible nin probable, dun fenómeno que por adiantado se renuncia a coñecer e comprender porque esa narración se admite non mellor, pero tampouco peor, que calquera outra.

Non é esta a nosa alternativa. Para saltar da pegada na rocha á súa significación antes hai que ter verificado un nexa de continuidade e relación entre ambos os extremos. Así: ¿constitúen os podomorfos un grupo con identidade propia dentro das variadas representacións da arte rupestre galega (ou son unha excepción carente de regularidade)? ¿pertencen ao mesmo horizonte cronolóxico ao que apuntan as tradicións indoeuropeas, é dicir, a Protohistoria, ou a Idade do Ferro (ou adscribíense a momentos anteriores ou posteriores)? ¿presentan outras liñas de regularidade co que as tradicións indoeuropeas recollen (asociación con outros motivos, con outros fenómenos arqueolóxicos, emprazamento espacial, relación co espazo socio-político...)? ¿existen outras tradicións populares que, falando dos petroglifos, digan cousas que se aproximan ou que as narracións indoeuropeas supoñen? Este é o itinerario que, para o caso concreto dos podomorfos presentes na arte rupestre galega seguimos nun capítulo anterior (*supra* capítulo II).

Se todos eses interrogantes, e outros máis, se resolven de xeito que ao final aflora unha liña de congruencia entre o fenómeno considerado e a interpretación aportada, daquela teremos boas razóns para aceptar a

pertinencia deste modelo. Seguramente nunca deixará de ser máis que unha hipótese. Pero polo menos é unha hipótese que nos permite ampliar a nosa conciencia e da que coñecemos a súa lexitimidade e condicións para ser ben acollida.

Volvendo aos podomorfos. Constitúen un motivo regular na arte rupestre, algúns pódense situar na Idade do Ferro e a análise espacial descobre que se encontran en espazos centrais respecto á distribución de castros dunha pequena comarca que, pola súa vez, parecen ter constituído unha unidade social supra-local (como identificou Parcero 2000), emprazados en zonas 'baleiras' ou significadas polo excepcional doutro tipo de restos (monumentalidade da rocha que se grava, grandes petroglifos, inscricións indíxeno-romanas...); e a enquisa etnográfica manifesta topónimos como 'Pena da Elección' e outras tradicións que recollen que sobre o petroglifo en cuestión se escollía ao alcalde da parroquia. Parece daquela menos arriscado relacionalos coas tradicións indoeuropeas que mostran cómo o 'rei' (xefe) dunha determinada unidade social era unxido sobre unha rocha, mirando ao seu territorio, e que naquela quedaba marcada indeleblemente a pegada do rei como testemuño da relación entre xefe, o territorio mailo pobo.

O problema metodolóxico da Arqueoloxía é daquela buscar regularidades formais e interpretalas á luz dun modelo que se axeite ás características desa regularidade. Trátase de salvar as insuficiencias narrativas e subxectivas dun coñecemento interpretativo dotando a este de sistematicidade, rigor e apego á materialidade dos fenómenos (véxase ao respecto Criado 1999).

Un bo exemplo desta metodoloxía e do valor dos seus resultados proporcióno en concreto a nosa presente contribución a este volume. O primeiro traballo nesta liña (Santos et al. 1997) permitiu recoñecer unha posible paisaxe sagrada da Prehistoria recente e Protohistoria de Galicia. Unha xeneralización ulterior das consecuencias dese traballo, que incluíu evidencias doutras zonas (Parcero et al. 1997), permitiu definir un modelo hipotético-teórico —é dicir: un *predictor*— para recoñecer espazos sagrados na Prehistoria de Galicia. Ese traballo constitúe de feito a primeira versión do presente texto. Ambos os 'descubrimentos', baseados en metodoloxías estritamente arqueolóxicas, son previos ao descubrimento de que esas paisaxes son previsibles e se poden entender dentro de contextos culturais e/ou relixiosos propios de pobos de raíz indoeuropea, contribución derivada de estudos posteriores de García Quintela.

Queremos dicir que, a partir de datos formais e da definición de regularidades nas evidencias materiais descubertas por medio dunha análise fundamentalmente formal e das características do seu entorno físico, anticipamos consecuencias que a análise da documentación e tradicións históricas máis tarde referendou e completou. No noso caso, a hipótese arqueolóxica sobre a existencia de espazos sagrados prehistóricos, ou o xeito de recoñecelos e, incluso, as bases xerais da súa significación, antecedeu ao desenvolvemento do modelo interpretativo de base etno-histórica. Evidentemente, isto non quere dicir que a nosa hipótese sexa verdadeira. Pero si rigorosa. E allea a 'contaminacións' estrañas á Arqueoloxía mesma.

Por iso imos recoller e ampliar a proposta que no seu momento fixemos. Para iso, en primeiro lugar, consideraremos en detalle a zona na que se identificou unha paisaxe sagrada de especial resolución. Despois ampliaremos a escala de observación para comprendermos outras zonas. Deseguida extraeremos un modelo esencialmente formal que mostra *cómo son os espazos sagrados e xeografías míticas prehistóricas* e, polo tanto, *cómo se poden recoñecer dende a Arqueoloxía*. Este modelo é o que outros traballos deste volume se ocupan non só de interpretar en todas as súas características e dimensións, senón tamén de poñer en relación coa Protohistoria europea e coa socio-política da Galicia Castrexa.

2. Petroglifos, inscricións, ermidas: A zona de Fentáns

Hai algún tempo tivemos ocasión de estudar en profundidade unha zona de especial concentración de petroglifos en Galicia: a área Fentáns (Chan da Lagoa, Santos *et al.* 1997), situada entre os concellos de Campo Lameiro e Cotobade na provincia de Pontevedra. Nela sitúanse algunhas das estacións de arte rupestre da Idade do Bronce máis importantes de Galicia, ben coñecidas dende vello e insistentemente publicadas na bibliografía sobre petroglifos galegos. Ademais, os estudos realizados durante a pasada década permitiron identificar novas rochas gravadas que, ao cabo, mostraron a existencia nesa zona dunha notable concentración de petroglifos, posiblemente a máis importante coñecida en Galicia, constituída por unhas 120 rochas gravadas concentradas nunha área de 3 km. de lonxitude por 2 km. de anchura.

Esta zona fora estudada por diferentes investigadores (Álvarez e Velasco 1979, Álvarez 1984) e nos últimos anos por Bradley *et al.* (1994a, 1994b e 1995) co obxecto de analizar o emprazamento dos petroglifos dende as posicións da Arqueoloxía da Paisaxe. Paralelamente, dende 1992 o Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe da Universidade de Santiago tivo ocasión de ampliar de xeito significativo o coñecemento do seu contexto rexional, ao realizar diversos proxectos de catalogación arqueolóxica e de avaliación de impacto arqueolóxico, sobre todo os traballos de prospección previa e de corrección do impacto do oleoduto Coruña-Vigo, que atravesaba esta zona.

Estes últimos traballos ofreceron a oportunidade de, coa axuda de novos datos e formulacións, revisar a arqueoloxía da zona e estudar de xeito diacrónico os procesos de cambio na construción social da paisaxe da área. Pero ademais este estudo proporcionounos uns datos que permitiron abrir un novo ámbito de investigación. O problema, daquela, é aportar sistematicidade á análise e implementar unha metodoloxía de traballo.

2.1. Os vestixios arqueolóxicos

Os restos arqueolóxicos localizados fálannos da importancia que este lugar tivo ao longo de polo menos 2.500 anos. Nun estudo precedente (Santos *et al.* 1997) desenvolvido na zona de Fentáns entre os municipios de Cotobade e Campo Lameiro (Pontevedra) separados ambos polo canón do río Lérez, púidose observar que existían unha serie de elementos que se concretaban arredor dun espazo de especial significación simbólica.

Como eixe deste espazo sitúanse dúas inscricións (coas letras DIVI) de aparente orixe indíxeno-romana. Estas inscricións localízanse nunha forma fisiográfica, o monte de As Canles, que funcionou como vertebradora da paisaxe dende polo menos a Idade do Bronce até a Idade Media.

- Pertencentes o fin da Idade do Bronce e á Primeira Idade do Ferro documéntase unha das meirandes concentracións de arte rupestre ao aire libre de todo o noroeste peninsular. Isto contrasta coa ausencia de poboados da mesma época, malia os intensos labores de busca, nas zoas donde aparecen os gravados. O que nos leva a pensar que esta estación rupestre non estivo ocupada por asentamentos na Idade do Bronce ou comenzos da do Ferro. (Fig. IV.1).

- Semellante: mentres se evidencia un claro baleiro da época (castros) en torno ao monte de As Canles e a área de Fentáns, e unha dua-




Figura IV.1. Mapa do Val Medio do Lérez onde se indican as áreas de dispersión de petroglifos da Idade do Bronce e Primeira Idade do Ferro e os asentamentos contemporáneos.

lidade moi clara entre a área con castros (ao oeste deste monte) e un enorme despoboado (ao leste), dentro desta zona existe unha alta densidade de insculturas moi posiblemente pertencentes a esta época; son motivos na súa grande maioría de cruces inscritas en círculos, que se sitúan nos arredores das dúas inscricións mencionadas (Fig. IV.2 e 3).

• Na Idade Media e Moderna contamos con dous elementos de notable interese: por un lado a presenza de dúas ermidas en posición simétrica a ambos os lados do río Lérez, unha delas cunha probable orixe paleocristiá (dedicada aos santos Xusto e Pastor) que conta, ademais, cunha antiga tradición de peregrinación. Por outro lado temos a demarcación administrativa eclesiástica; referímonos en concreto ás parroquias e arciprestados. Quizais este elemento sexa un dos máis interesantes e sen dúbida máis rechamantes. Situando a área de Fentáns como eixe central, observamos unha clara disposición radial de se-




Figura IV.2. Mapa do Val Medio do Lérez onde se indican a distribución dos castros, petroglifos da Segunda Idade do Ferro e as dúas inscricións indixeno-romanas.

te parroquias e tres arciprestados (Moraña, Cotobade e Montes). Pero o máis salientable é o límite do arciprestado de Cotobade, que en principio segue o borde natural imposto pola presenza do canón do río Lérez, pero á altura da ermida de San Xusto cruza o río, posibilitando que Fentáns, no canto de pertencer a Moraña, forme parte de Cotobade, xerando deste modo un límite curiosamente atípico. (Fig. IV.4).

2.2 A construción dun espazo sagrado

Sinteticamente poderíamos dividir a zona de estudo en dúas áreas. A primeira estaría constituída pola área de Fentáns, que podemos cualificar como *espazo central*. A segunda estaría formada polas serras e vales circundantes. Vexamos logo de qué maneira, a través dos sucesivos momentos dende a Idade do Bronce até a Idade Media, a área de Fentáns foi adquirindo un significado simbólico especial.




Figura IV.3. Petroglifo típico da Idade do Ferro con cruces inscritas.




Figura IV.4. Mapa do Val Medio do Lérez onde se indican os límites parroquiais, os arciprestados e as aldeas actuais.

Idade do Bronce comenzos do Ferro. Os vestixios desta época na zona son de dous tipos, un de carácter habitacional – asentamentos – e outros de carácter ritual – petroglifos. O patrón de emprazamento dos asentamentos da Idade do Bronce céntrase nos altiplanos das serras en torno a cubetas, na base das cales soe atoparse unha pequena turbeira ou braña (Méndez Fernández 1994) os castros da primeira Idade do Ferro amosan, ademais, unha clara prolongación do modelo de emprazamento. Deste xeito foron localizados asentamentos desta época na maioría das zonas chans en altura da comarca, a excepción da zona de Fentáns, definible tamén como un chaira en altura con brañas, e aínda coa presenza de extensións aptas para o cultivo polo sistema de rozas. Non ocorre o mesmo cos petroglifos, que, se ben se atopan en todas as serras da zona, (que ocupan preto de 200 km.², destacan nas estacións da área de Fentáns polo seu elevado número e pola grande variedade de motivos, posto que en só 6 km.² (se concentran polo menos a metade das rochas de toda a comarca, unhas 120 pedras. Ademais na área de Fentáns atopamos motivos inexistentes ou moi raros noutros lugares tales como armas, ídolos, pegadas de animais, etc. (Fig. IV.1).

Segunda Idade do Ferro. Os sitios arqueolóxicos desta época, ao igual que na época anterior, son de dous tipos: asentamentos fortificados ou castros e gravados rupestres. Os castros sitúanse na súa práctica totalidade en zonas de val ou no límite destas zonas coas terras de monte. Chama a atención a concentración de castros nos vales situados ao oeste e ao sur da comarca, mentres que en Fentáns e máis nos vales situados ao norte e leste non se documentou ningún castro. No referente a petroglifos da Idade do Ferro, estes son moi escasos en toda a zona, con só unha media ducia de rochas en toda a comarca, en contraste co monte de As Canles e a área de Fentáns, onde se concentran unhas 25 rochas ademais das dúas inscricións indíxeno-romanas. (Fig. IV.2).

Idade Media e poboamento tradicional. A información sobre o poboamento rural máis antiga coa que contamos na zona data de 1867 e révelanos que dende aquela a penas variou, así como os límites parroquiais e os arciprestados – para os cales contamos con datos de inicios do século XVII. Por outro lado temos as fontes arqueolóxicas tanto desta zona – a través dos traballos derivados do seguimento do oleoduto – como doutras zonas de Galicia – seguimento das obras de construción de autovías e gasoduto –, a partir das cales sabemos que os patróns de asentamento medieval, da Idade Moderna e das aldeas

tradicionais actuais son escasamente disímiles. Resumindo, temos unha distribución case exclusiva das aldeas en zonas de val e labradío, diminuíndo sensiblemente a súa densidade a medida que nos achegamos a Fentáns, de xeito que nesta área se rexistra unha ausencia case total de poboamento (Fig. IV.4).

Unha vez descritos sinteticamente os patróns de emprazamento máis as distintas paisaxes na zona de Campo Lameiro e Cotobade, podemos extraer unha serie de características que son comúns aos tres momentos de ocupación. Nas idades de Bronce e Ferro observamos unha total ausencia de asentamentos habitacionais na área de Fentáns (espazo central), mentres que os gravados rupestres que podemos considerar de carácter ritual, aínda que se localizan en toda a zona, concéntranse especialmente en Fentáns. En épocas xa históricas observamos que a área de Fentáns permanece case deshabitada e funcionando como lugar sagrado, como así suxire a presenza de dúas inscricións en latín e, máis adiante, de dúas ermidas. Este carácter de lugar central que posúe Fentáns ponse de relevo ao observar a distribución das parroquias que se dispoñen de forma radial, tomando como centro este lugar que, asemade, serve de límite entre tres arciprestados.

3. Outras zonas

Con posterioridade ao estudo da zona de Fentáns fomos documentando a existencia doutros lugares de similares características. Son lugares onde conflúen varios límites eclesiásticos e se localizan numerosas evidencias de teren tido carácter sagrado ao longo dun dilatado espazo de tempo.

Aínda que non todos os lugares que pasamos a describir reúnen todos os elementos que atopamos en Fentáns, si presentan numerosas concordancias con esta zona. Estes paralelismos atinxen tanto á paisaxe arqueolóxica como á presenza de curiosas ou atípicas divisións territoriais actuais. Estes lugares son: A Ferradura (Ourense), Monte Tetón (Pontevedra) e O Marco de Santiaguíño de Antas (Pontevedra).

3.1 A Ferradura (*supra* II 2.2.5.).

A estación de A Ferradura foi localizada durante os traballos de Seguimento e Control de Impacto Arqueolóxico das obras de construción do gasoduto de Galicia no tramo Pontevedra-Ourense. En concreto sitúanse na parroquia de Trasalba, concello de Amoeiro (Ourense). O relevo xeral da comarca de A Ferradura é o dunha zona cha en altura. Esta unidade fisiográfica atópase perfectamente delimitada por encaixados cursos fluviais que funcionan como nidias fronteiras naturais, tales como o río Barbantiño e o río Miño. A intensa erosión da superficie de A Ferradura deixou no relevo numerosos afloramentos rochosos que destacan notablemente no conxunto da zona (Fig. IV.5).

No lugar de A Ferradura converxen os límites dos arciprestados de Maside, Amoeiro e Ourense. Malia a presenza de dous claros límites




Figura IV.5. Zona de A Ferradura amosando acumulación de elementos rituais. FOL: folclore asociado a lugares; INS: inscricións latinas ou 'alfabetiformes'; PGL: petroglifos; REL: relevos en pedra de época castrexa; STS: santos e cultos de tradición paleocristiá. Véxase tamen o mapa da figura II.10.

naturais, ao oeste o profundo val do río Barbantiño e ao sur o caudaloso río Miño, estes non coinciden cos límites dos territorios eclesiásticos. O límite do arciprestado de Maside cruza o río Barbantiño e, subindo polas escarpadas paredes do val, penetra no chairro de A Ferradura en forma de cuña. Tamén é curiosa a forma do arciprestado de Ourense, que atravesa o Miño, formando un estraño apéndice até chegar á altura de A Ferradura. Debe anotarse que nesta parte o río Miño adquire grande profundidade e unha anchura do leito que chega a superar os 300 m.

Os diferentes restos arqueolóxicos localizados na zona pertencen a distintos momentos cronolóxicos, en concreto dende a Idade do Bronce até a Idade Media.

Idade do Bronce. Só se atoparon tres petroglifos de combinacións circulares, aínda que hai que resaltar que os gravados ao aire libre desta época son moi escasos na provincia de Ourense. Non se localizaron asentamentos da Idade do Bronce nin no chairro de A Ferradura nin nos arredores, a pesar de que a zona foi atravesada polas obras do gasoduto, o que implicou os conseguintes traballos de prospección que, polo demais, permitiron o propio descubrimento da estación.

Idade do Ferro. Pertencentes a esta época temos os asentamentos fortificados e gravados rupestres. Os castros sitúanse por toda a comarca, pero obsérvase unha maior concentración cara o oeste e cara o norte de A Ferradura. Ao contrario do que acontecía en Fentáns, aquí os castros, aínda que non chegan a situarse no chairro de A Ferradura, si o fan nos seus arredores. No interior de A Ferradura os únicos elementos arqueolóxicos desta época son os petroglifos gravados sobre grandes penedos. Os motivos insculpidos son na súa maioría coviñas, aínda que non faltan podomorfos, ferraduras, reticulados e outros deseños abstractos. Salienta dentro do conxunto rupestre un abrigo rochoso que posúe unha abertura cara o horizonte suroeste polo que penetra a luz durante o solsticio de inverno, permitindo a iluminación dun gravado situado no interior do abrigo. Dentro do conxunto de gravados podemos incluír unha inscrición posiblemente indíxeno-romana situada no Coto do Castro, no límite nordeste do chairro de A Ferradura; non foi posible descifrar o contido da inscrición, posto que só son identificables unha parte das letras.

Sitios arqueolóxicos romanos. Sobre esta época só dispoñemos de datos dispersos e algúns imprecisos, como é a aparición de restos cerámicos en Punxín. Destaca a presenza nos arredores de A Ferradura dunha ara dedicada aos Lares Viales (Rodríguez Colmenero 1977). Xa fóra desta zona, cara ao Norte, si se localizaron evidencias de asenta-

mentos de época romana e altomedieval, como é o caso do poboado aberto de As Pereiras (Trasalba).

Sitios arqueolóxicos medievais. Para o poboamento medieval da zona podemos afirmar o mesmo que para a área de Fentáns. A diferenza estriba en que ao longo do chairro de A Ferradura se recolleron numerosos fragmentos cerámicos desta época, posiblemente relacionados ou ben con algún asentamento arrasado ou con labores agrícolas. Por outra banda hai que salientar a presenza na igrexa de Punxín do sepulcro de San Wintila (de novo unha advocación cristiá de notable antigüidade).

3.2 Monte Tetón

Sitúase no extremo nororiental do concello de Tomiño (Pontevedra). Trátase dunha elevación montañosa que destaca notablemente no terreo. Serve de límite entre catro parroquias, tres municipios e tres arciprestados. Tanto os límites de parroquias como de arciprestados converxen de forma radial neste monte. Nas seguintes liñas presentamos unha breve descrición dos restos.

Pertencente á Idade do Bronce destaca un grupo de catro petroglifos situados na aba sur do monte. As primeiras referencias da súa existencia témolas en Fernández Rodríguez (1955), non aparecendo un estudo exhaustivo do mesmo até que é publicado por Costas Goberna en 1989. A rocha principal posúe unha superficie gravada duns 36 m.² A maioría dos motivos representados son propios da Idade do Bronce, como son os círculos concéntricos, aínda que aparecen outros de cronoloxía dúbida, como antropomorfos, escenas de equitación, etc. Destacamos tamén a presenza dalgunhas figuras que lembran en boa medida certos motivos decorativos da Idade do Ferro.

Finalmente hai que sinalar a presenza da ermida de Sanomedio (ou San Nomedio), na aba do nacente.

3.3 Marco de Santiaguíño de Antas

Atópase ao norte do concello de Mos (Pontevedra), nunha penechaira situada no *Monte Cornedo*. Neste chairro limitan cinco parroquias e tres arciprestados. Sobre esta zona contamos con numerosa información arqueolóxica procedente das obras de Control Arqueolóxico da construción do oleoduto Coruña-Vigo e da gasificación de Galicia.

Volvemos a atopar un tipo de paisaxe moi similar ao das zonas de Fentáns e A Ferradura. No chairro de Santiaguíño de Antas atopamos un

baleiro de poboación dende a Idade do Bronce até case a actualidade. Pola contra, en áreas próximas localizáronse catro asentamentos da Idade do Bronce e tres castros da Idade do Ferro. Este baleiro habitacional tamén se ve reflectido no poboamento tradicional, o que nos leva a pensar que moi probablemente esta situación de despoboamento tamén existiu na Idade Media.

Pola contra, no chairo atopamos elementos de carácter ritual de diversas épocas. En concreto catalogáronse tres túmulos dunha cronoloxía que podería abranguer dende o Neolítico até a Idade do Bronce, e a ermida que dá nome ao lugar. Pero quizais un dos elementos máis curiosos sexa o denominado *O Marco*. Trátase dun cilindro granítico de 1,85 m. de altura que moi posiblemente tivo como función primixenia a de




Figura IV.6. O miliario de Guisan segundo A. Rodríguez Castelao, *As Cruces de Pedra na Galiza*, Nós, Buenos Aires, 1949.

servir de miliario en época romana, hipótese avalada non só pola súa forma cilíndrica senón tamén por atoparse no probable trazado da vía XIX romana. Este miliario anepígrafe aparece cuberto de numerosos gravados: coviñas e cruciformes. Moi posiblemente esteamos perante un exemplo dun elemento en principio funcional, que posteriormente foi sacralizado ao engadirlle gravados como as coviñas e as cruces cristiás (Fig. IV.6).

Poderíamos engadir aquí outros lugares que nunha primeira aproximación parecen apuntar á existencia de enclaves de carácter sacro, como podería ser a zona do río Verdugo ao seu paso por Soutomaior, onde a fronteira do arciprestado, aproximadamente á altura do castro de A Peneda, atravesa o río de forma anti-natural. Nesta zona é posible localizar topónimos que puideran aludir a restos arqueolóxicos como túmulos (Coto da Rega das Arcas) ou a pedras con podomorfos (Pedra dos Pasos). Outro lugar destas características podería ser o do castro de Faramello ou castro Lupario (Rois-A Coruña), límite tamén de tres arciprestados, onde se documentan petroglifos da Idade do Bronce e é mencionado, ademais, na lenda do Apóstolo Santiago. Ou o castro de San Trocado (San Amaro-Ourense), onde converxen moitas das características que definen os lugares de contido sagrado descritos.

4. Espazos rituais: A sacralización do territorio

Descríronse tres espazos distintos cunha paisaxe estruturada de forma semellante. Dende o punto de vista histórico comprobamos que, aínda que a paisaxe cambia de forma significativa, repítese a estrutura fundamental da mesma. Esta particular forma de construír a paisaxe defínese pola existencia dunha división do espazo entre habitacional e ritual. Estes centros rituais, ao atopárense en límites ou fronteiras entre territorios, son á vez centro e periferia, é dicir, son lugares marxinais con respecto ao espazo habitacional e son centro con respecto ao conxunto dos territorios das comunidades que alí limitan (Parceró 1995). Os elementos rituais localízanse no centro simbólico do espazo. Segundo a época o espazo central, ritual ou sagrado defínese pola presenza de túmulos, petroglifos, ermidas, etc. O espazo habitacional sitúase na periferia e é ocupado por asentamentos abertos, castros ou aldeas tradicionais, deixando no espazo central un baleiro de poboación.

Queda por definir cáles son as razóns que converteron certos sitios en espazos de prestixio sagrado. Supoñemos que a presenza dun accidente natural senlleiro, como é unha elevación montañosa, que polo seu tamaño e/ou forma particular puido servir en distintas épocas como referente espacial a grande escala. Esta é unha das causas que puideron favorecer que estes lugares se utilizasen como referencia para límites territoriais de diversas comunidades. De ser isto certo, é posible pensar que estes lugares, durante a prehistoria recente, fosen utilizados como puntos de encontro e intercambio entre os grupos que compartían estes límites territoriais, xerando deste xeito un espazo neutral ou *terra de ninguén* (e, por tanto, *de todos*).

En momentos posteriores, ben en época romana ou na Idade Media temperá, estes encraves debían encaixar nas novas concepcións espaciais e por tanto territoriais. Deste modo o reparto do lugar entre as comunidades implicadas daría lugar aos límites "anti-naturais" que observabamos na actualidade. Isto non significa que estes encraves perdesen o seu valor sacro, como así o testemuña a presenza de ermidas e a persistencia do baleiro poboacional.

De todos xeitos non sempre ha de existir unha continuidade Idade do Bronce-Idade do Ferro-Idade Media na concepción dun determinado sitio como sagrado, senón que é posible que nalgúns lugares, existise unha certa ruptura.

5. O resultado: Un modelo teórico de espazos sagrados

Como consecuencia do estudo dos diferentes lugares incluídos no presente capítulo, podemos agora definir un modelo teórico de localización e identificación de espazos sagrados antigos na paisaxe. Este modelo en realidade limítase a ser unha relación das características coas que estes lugares foron incorporados á xeografía tradicional galega; asemade inclúen, parcialmente polo menos, as condicións que orixinalmente deberon concorrer nestes espazos para acadaren a súa condición de referente dunha tradición sagrada.

Naqueles lugares onde concorran as características formais que deseguida se detallan, pódese dicir hoxe que existiu nalgún momento da Protohistoria ou Historia arcana de Galicia un espazo de privilexio e función relixioso-ritual. Outra cousa é interpretar o alcance e dimensións

reais desa función. Pero isto é outra 'historia' (e nunca mellor dito, algo que debe vir logo e que, en certa medida, é independente da identificación, delimitación e significación arqueolóxica).

Entre estas características podemos sinalar como importantes (Fig. IV.7):

1. Ser punto central de división de unidades territoriais locais, sexan estas parroquias, arciprestados ou termos municipais; o normal é que o mapa destes límites adopte unha característica morfoloxía radial con varias parroquias converxendo os seus extremos sobre o mesmo punto. Isto estaría en sintonía con estudos desenvolvidos por outros autores sobre a cultura céltica que defenden a existencia de santuarios en lugares deshabitados e fronteirizos (García Fernández-Albalat, 1990 e Le Roux e Guyonvarc'h 1990).

2. Este punto coincide ademais cun accidente xeográfico significativo, xeralmente unha montaña ou cumio prominente e de morfoloxía peculiar, o que permite a súa individualización no conxunto do relevo do que forma parte e dende considerable distancia.

3. Non posuír lugares de habitación nin espazos de labradío e aproveitamento intensivo, ser en troques a súa dedicación *a monte* (usos extensivos); a distribución de aldeas adopta xeralmente unha disposición circular arredor deste espazo.

4. Existir un baleiro de sitios arqueolóxicos de natureza habitacional.

5. En cambio poden existir elementos arqueolóxicos de tipo ritual, tales como gravados rupestres, inscricións...

6. Ser *terra de ninguén* ou espazo sometido a reclamacións territoriais por parte das diferentes unidades locais que nel converxen. Estas disputas poden ser canalizadas de diferentes xeitos, incluíndo fórmulas rituais e festivas.

7. Ás veces estas disputas poden culminar coa apropiación do espazo por parte dalgunha das unidades locais involucradas. Isto implicará unha modificación do patrón radial igualitario de límites parroquiais; sen embargo, poderase aínda rexistrar formalmente a existencia do sitio porque nestes casos os límites se volven "anti-naturais", entendendo por isto que rebordan e incorporan o accidente natural (divisoria, río...) utilizado orixinalmente para marcar os límites.

8. O carácter especial do sitio pódese reflectir na toponimia; é incluso posible que esta recolla termos prerromanos significativos.

9. Igualmente, pode existir unha tradición popular ou folclore no que se reflecta o carácter da zona ou, incluso, se xustifique e lexitime este no plano mitolóxico.




Figura IV.7. Representación gráfica do modelo de espazo sagrado.

10. Presenza dun santuario ou ermida cunha tradición especial de prestixio supra-local, xeralmente unido á celebración de festividades importantes, que implican desprazamento de xente e procesións ou peregrinacións.

A vantaxe destas características é que algunhas delas (en concreto os puntos 1, 2, 3 e 7, e parcialmente os 8 e 10) pódense recoñecer de forma directa a través da análise da cartografía, o que permite con facilidade illar, de forma hipotética polo menos, aqueles puntos susceptibles de formar parte de antigas xeografías sagradas. A continuación, o traballo de campo máis intensivo, tanto etnográfico como arqueolóxico, permitirá completar os datos observando se se cumpren as restantes condicións. Isto permitirá non só confirmar ou rexeitar a hipótese, senón caracterizar cada caso concreto de modo que se poida arriscar unha interpretación do mesmo.